



Concello de A Mezquita

BANDO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Deputación Provincial de Ourense, publica no BOP núm 86 de 11 de maio de 2026, as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para obras de reforma de vivendas e adquisición de equipamento técnico dirixido a persoas maiores de 65 anos correspondentes ao ano 2026.

REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- A persoa solicitante será maior de 65 anos o cumprirse no 2026.
- Estará empadroada nalgún municipio da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes.
- Estará a gozar, en réxime de propiedade, usufruto ou arrendamento, da vivenda que precisa o servizo de adaptabilidade.
- A renda anual será inferior ou igual a tres veces o IPREM.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES:

- **Reforma de vivendas:** adaptación de baños, melloras de accesibilidade e habitabilidade.
- **Adquisición de equipamento técnico,** relacionado coa autonomía da persoa solicitante: cama articulada, guindastre, cadeiras, etc

CONTÍA: A contía máxima da axuda para a adquisición será de **2.500€** por solicitante.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As persoas interesadas en presentar a súa solicitude poderán informarse no **Departamento de Servizos Sociais do Concello.**

A presentación das solicitudes faranse a través da web da Deputación de Ourense: <http://www.depourense.gal>. O prazo será dun mes e abrirase o **18 de maio as 10:00 horas ata o 18 de xuño de 2026.**

En A Mezquita.
O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

